

REGULAMENTO DE HONRAS,
DISTINCIÓNS E PREMIOS
“VILA DE BUEU”

CADRO DE PERSOAL LABORAL.

DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES	RETRIBUCIÓN	OBSERVACIÓNS
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1		14.612,36	
ASISTENTE SOCIAL	1	1	17.124,24	
PEÓN OFICIOS VARIOS	3		34.020,18	CONV. CONSTRUCC.
LIMPADORAS COLEXIO TENORIO	2		10.959,84	CONV. LIMPEZA EDIF.
LIMPADORA CENTRO MÉDICO, E CASA CONCELLO	1		8.745,96	CONV. LIMPEZA EDIF.
LIMPADORAS COLEXIO EDIF. CARBALLEDO	2		13.366,2	CONV. LIMPEZA
ENCARGADOS BIBLIOTECAS	2		5.341,12	CONV. OFIC. DESPACHOS
PABELLÓN ENCARGADOS	2		4.665,64	

Cotobade, a 20 de agosto de 2002.—O Alcalde, José Ramón Abal Varela.

6275

* * *

B U E U

A N U N C I O

REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS E PREMIOS "VILA DE BUEU"

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 3 de abril de 2002, o Regulamento de honras e distincións e Premios "Vila de Bueu", e publicado o conseguinte anuncio no B.O.P. núm. 100, de data 28/05/02, para a súa exposición pública polo período de trinta días seguintes, sen que se teñan presentado alegacións no devandito prazo, enténdese aprobado de xeito definitivo, procedéndose a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, ós efectos establecidos no artigo 70.2 da Lei 7/85.

Artigo 1.—O Concello de Bueu poderá recoñecer, mediante distincións, os méritos, servicios ou actuacións, que concorran nas persoas físicas ou xurídicas, e que redunden en beneficio do Municipio de Bueu, en calquera dos seus aspectos. É obxecto do presente Regulamento, a súa regulación.

Artigo 2.—Tódalas distincións ás que se fai referencia neste Regulamento, teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que lle outorguen ningún dereito administrativo ou de carácter económico. A súa concesión da dereito a acredita-la súa condición, preeminencia nos actos oficiais, e ostentar funcións representativas fóra do Municipio, cando así se acorde.

Artigo 3.—As distincións que poderá conceder-lo Concello de Bueu, son as seguintes:

A) Medalla do Concello de Bueu, nas súas categorías de:

- Medalla de Ouro
- Medalla de Prata

B) Nomeamentos:

- Fillo Predilecto do Concello de Bueu
- Fillo Adoptivo do Concello de Bueu
- Membro Honorario da Corporación

Artigo 4.—A Medalla do Concello de Bueu, será unha distinción que poida outorgarse a personalidades, Corporacións, Institucións, ou calquera outra entidade xurídica, dignos de especial merecemento.

Artigo 5.—A Medalla, nas súas dúas categorías, terá unha dimensión máxima de 8 cms. De diámetro. No anverso figurará o escudo do Concello, e no reverso levará a inscrición: Concello de Bueu-Medalla de Ouro, ou Concello de Bueu-Medalla de Prata, segundo proceda, e pendurará dun cordón trezado branco ou azul.

Artigo 6.—Cos nomeamentos premiaránse méritos e circunstancias singulares que concorran nos galardoados que reúnan as condicións que determina o artigo 1, e ademais:

- Para a concesión de Fillo Predilecto, será condición indispensable que a persoa interesada fose nada no Municipio de Bueu.
- A concesión do título de Fillo Adoptivo, outorgarásese unecamente a persoas naturais de calquera outro municipio.
- A concesión do título de Membro Honorario da Corporación, requerirá que a persoa interesada desempregara os cargos de Alcalde ou Concelleiro deste Concello.
- Premios Vila de Bueu

Artigo 7.—Para a concesión de calquera das Honras e Distincións que recolle este Regulamento, compre a tramitación do oportuno expediente xustificativo das razóns do outorgamento, que se ins-

truíra co nomeamento de Xuíz Instructor e Secretario que deberá tramitalo pola Secretaría Xeral.

Artigo 8.—O expediente poderá instruírse:

- a) De oficio, a instancia do Sr. Alcalde ou dun tercio dos Concelleiros.
- b) A pedimento razoado da maior parte das entidades que funcionen legalmente no Municipio.

No expediente faránse consta-los méritos e circunstancias da persoa ou entidade interesada, con informacións e dilixencias sobre os feitos que os motivan.

Artigo 9.—Concluso o expediente, someteráse a informe da Comisión de Réxime Interior, que emitirá a proposta de concesión correspondente.

Artigo 10.—A concesión de calquera honra ou distinción, faráse polo Concello Pleno, de conformidade co disposto no artigo 50.24 do ROFEL (Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais), en sesión extraordinaria, e requerirá o voto favorable da maioría absoluta legal dos membros da Corporación.

Artigo 11.—Cada distinción entregaráse polo Alcalde, no Salón de Sesións do Concello, coa asistencia do Pleno da Corporación e aquelas autoridades e representacións que se estimen pertinentes.

Artigo 12.—O Concello de Bueu (ou a Secretaría da Corporación), creará un Libro de Rexistro, dividido en tantas seccións cantas sexan as honras, distincións ou nomeamentos establecidos neste Regulamento, no que se inscribirán as circunstancias que rodean a concesión.

Artigo 13.—Co nomeamento de Fillo Predilecto, Fillo Adoptivo ou Membro Honorario, imporáselle ó interesado:

- a) Escudo-Insina do Concello en miniatura.
- b) Concesión dun diploma de 40 x 30 cm. (según deseño a seleccionar)

Artigo 14.—Cando cóncorran circunstancias especiais libremente estimadas pola Corporación, poderá concederse honra e distinción a título póstumo.

Artigo 15.—Previo expediente, a Corporación poderá revocarl as concesións recoñecidas neste Regulamento, cando a persoa ou entidade modifique profundamente a súa conduta.

Artigo 16.—Para o non previsto no presente Regulamento, estarás ó disposto no R.O.F. e demais lexislación aplicable.

PREMIOS "VILA DE BUEU"

Artigo 17.—O Concello de Bueu convoca anualmente o premio Vila de Bueu como recoñecemento a todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, asociacións, institucións, clubs, colectivos, etc. do Municipio, polo seu traballo e a súa labor, e que supón

un beneficio para o pobo de Bueu e os seus veciños.

Para expresar este recoñecemento do pobo de Bueu, un xurado calificador elixirá un galardoado por cada unha das seguintes categorías:

- a) Recoñecemento á Labor Cultural.

Optarán a este galardón calquera persoa, institución, asociación, etc., que tivera realizado un destacado traballo no campo da cultura, tanto na promoción coma na organización da actividade cultural.

- b) Recoñecemento á Labor Social.

Optarán a este galardón calquera persoa, institución, asociación, etc. que tivera realizado unha destacada labor social en beneficio dos veciños dunha maneira altruísta.

- c) Recoñecemento á maior promoción do Concello.

Poderán optar a este premio, empresas, organismos, asociacións, ou incluso persoas que, co seu traballo, levase o nome de Bueu lonxe das nosas terras.

- d) Recoñecemento ó bueuense no exterior.

Optará a este galardón, aquela persoa que, sendo nativo de Bueu ou descendente directo dalgún veciño de Bueu e resida e traballe no exterior, tivera ou teña unha destacada traectoria en calquera campo.

- e) Recoñecemento á labor deportiva.

Premiarás o labor desenvolvido na tempada anterior, de acordo cos seguintes apartados:

- e.1) Recoñecemento ó clube máis destacado
- e.2) Recoñecemento ó equipo máis destacado
- e.3) Recoñecemento ó deportista máis destacado
- e.4) Recoñecemento ó deportista promesa máis destacado (ata a categoría xuvenil incluída)

Artigo 18.—Recoñecemento. Ó galardoado en cada categoría, outorgarásele un diploma acreditativo, unha metopa co escudo de Bueu, e un pin de prata do Concello, cando sexa unha pesoa física a galardoada.

Artigo 19.—Xurado.—O xurado calificador estará composto por:

- * Un Presidente: O Ilmo. Sr. Alcalde, quen poderá delegar nun/ha Concelleiro/a se o estima oportuno.

- * Vocais:

Os membros da Comisión de Cultura e Deportes, nas categorías A-C-D-E.

Os membros da Comisión de Servicios na categoría B.

Un representante das Asociacións de Veciños

Un representante dos Clubs Deportivos

Un representante das Asociacións Culturais

Un representante da Prensa

Un representante dos Industriais e Comerciantes

Un representante da Asociación de Xubilados

Un representante das Asociacións Xuvenís

Os representantes dos colectivos serán elexidos anualmente por sorteo, non podendo repeti-la representación durante dous anos consecutivos.

Se nalgunha ocasión algún grupo político non estivera representado nalgunha das Comisións Informativas que forman parte do Xurado, este grupo político pode participar como un membro no xurado.

* Secretario: O Secretario da Corporación, ou funcionario en quen delegue.

Artigo 20.—Os candidatos a tódalas categorías, poderán ser propostos:

- a) Por calquera membro da Corporación
- b) Por calquera Asociación, Institución, colectivo, etc. do Municipio de Bueu, non podendo propoñerse ninguén a sí mesmo.

As propostas serán presentadas no Rexistro do Concello, acompañando todos os datos posibles do candidato/s proposto/s, e debendo acompañar en cada caso unha memoria xustificativa de tal proposta.

O prazo de presentación de candidaturas remata ós 15 días antes da entrega do mesmo (ve-lo punto referente ás datas de entrega dos premios).

Artigo 21.—Elección dos candidatos.— Unha vez rematado o prazo de presentación de propostas, o Presidente do Xurado fixará unha reunión co fin de analiza-las propostas existentes.

De non existir propostas, ou non ser apoiadas maioritariamente, os membros do Xurado reservaránse a posibilidade de propoñer candidato na reunión do Xurado, debidamente documentada.

A elección do premiado debe ser por unanimidade ou por maioría cualificada de dous tercios dos membros do Xurado e, de non ser así, haberá que declarar deserto o recoñecemento nesta categoría.

A proposta poidera ser a título póstumo ou por unha labor realizada anteriormente nas categorías A-B-C-D.

Artigo 22.—Entrega dos premios.—Unha vez elexidos os galardoados polo Xurado, a Corporación Municipal prestará aprobación ós mesmos en sesión plenaria. Os premios serán entregados nun acto organizado para tal fin en cada data sinalada:

- | | |
|-------------|--|
| Categoría A | 17 de Maio (Día das Letras Galegas) |
| Categoría B | 16 de Xullo (Festa do Carme) |
| Categoría C | 16 de Xullo (Festa do Carme) |
| Categoría D | 16 de Xullo (Festa do Carme) |
| Categoría E | Gala do Deporte (celebrarase de xeito anual) |

Disposicións finais.

Primeira.—O presente Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello Pleno, e publicarase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de Abril.

Segunda.—Todas aquelas cuestións que poide-ran xurdir e que non estiveran recollidas nestas bases, o Xurado Calificador está facultado para interpretarlas e resolvelas. O feito de presentar propostas ó premio Vila de Bueu supón a plena aceptación das presentes bases.

Recursos.—Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte ó da súa publicación. Todo elo sen perxuízo de interpor calquera outro recurso que se estime procedente e sexa conforme a dereito.

Bueu, a 14 de agosto de 2002.—O Alcalde,
Tomás Barreiro Sotelo. 6248

Tribunal Superior de Justicia

Sala de lo Contencioso-Administrativo

SECCIÓN SEGUNDA

A CORUÑA.

EDICTO

Por el presente se hace saber que en providencia dictada en el día de la fecha, por esta Sección Segunda, de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, se ha acordado admitir a trámite el recurso interpuesto por el Procurador don Juan Lage Fernández-Cervera en nombre y representación de "Indeza, S.L.", contra desestimación presunta del r/reposición interpuesto contra el acuerdo 6-9-01, por el que se denegó la aprobación del Estudio de Detalle ED-1.

Recurso número: 02/0004745/2002.

La publicación de este anuncio servirá de emplazamiento a las personas, que no habiéndolo sido personalmente, ostenten un derecho o interés legítimo en el citado recurso, pudiendo personarse en legal forma en el plazo de nueve días. Si lo hicieren con posterioridad, se les tendrá por parte para los trámites no precluidos.

A Coruña, veintinueve de julio de dos mil dos.—
La Secretaria, Isabel Freire Corzo. 5930